

Anexo III

IMPRESO DE AUTOBAREMACIÓN (Debe achegarse xunto coa solicitude):

RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de relixión de primaria, (701402) e no corpo de profesores de educación secundaria obrigatoria e bacharelato,(702403) na especialidade de relixión evanxélica (código de procedemento ED003A)

DATOS PERSOAIS:

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE: _____

Enderezo: _____ Localidade _____

Provincia: _____ Teléfono: _____ Enderezo de correo electrónico: _____

EXPOÑO:

Que alego, para o obxecto de que lle sexan valorados no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia *no corpo de profesores de relixión de primaria, (701402) e no corpo de profesores de educación secundaria obrigatoria e bacharelato,(702403) na especialidade de relixión evanxélica* convocado por Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, os méritos que relaciona a continuación e que xustifico documentalmente:

I. Experiencia docente previa

1.1. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de Relixión Evanxélica, no mesmo nivel educativo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas. (1 punto por ano)

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/ o secretaria/o do centro co visto e praxe da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.

1.2. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de Relixión Evanxélica, en distinto nivel educativo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións públicas. (0,50 puntos por ano)

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/ o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.

1.3. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de Relixión Evanxélica noutros centros educativos. (0,150 puntos por ano).

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Certificación da dirección do centro co visto e prace da Inspección Educativa, na que conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia de Relixión Evanxélica e nivel educativo.

1.4. Por cada ano de experiencia docente na impartición de calquera área ou materia distinta da Relixión Evanxélica en centros públicos dependentes das administracións educativas. (0,125 puntos por ano)

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/ o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e especialidade.

1.5. Por cada ano de experiencia docente na impartición de calquera área ou materia distinta da Relixión Evanxélica noutros centros educativos.(0,10 puntos por ano)

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Certificación da dirección do centro co visto e prace da Inspección Educativa, na que conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia de e nivel educativo.

Enténdese por centros públicos os centros a que se refire o capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas.

* Para os efectos da epígrafe I, non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.

* Non se baremarán os servizos prestados no estranxeiro.

* Nas seguintes epígrafes, por cada mes de servizo, súmanse as seguintes puntuacións: epígrafe 1.1.: 0,083; epígrafe 1.2.: 0,041; epígrafe 1.3.: 0,012; epígrafe 1.4.: 0,010; epígrafe 1.5.: 0,008.

IMPORTANTE: Non será necesario xustificar os méritos das subepígrafes 1.1, 1.2 e 1.4 cando os servizos fosen prestados en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades.

II.- Formación académica (Máximo 10 puntos)

2.1.- Expediente académico no título alegado para o acceso ás listas de interinidades/substitucións, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación esixido.

Con carácter xeral para o acceso ao nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente ou grao); e para o acceso ao nivel de infantil e primaria (diplomatura universitaria, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, doutoramento licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente ou grao); valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:

Escala de 0 a 10 puntos: Desde 6,00 ata 7,50: 1,000 punto Desde 7,51 ata 10: 1,500 puntos	Escala en créditos, de 1 a 4: Desde 1,50 a 2,25: 1,000 punto Desde 2,26 a 4: 1,500 puntos
--	--

Nota media	Puntos alegados	Certificación académica persoal na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media.

2.2. Posgraos, doutoramentos e premios extraordinarios:

2.2.1. Polo Certificado-Diploma acreditativo de estudos avanzados ou Título Oficial de Máster (Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, BOE do 29 de setembro), Suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente. Sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente (1 punto).

Puntos alegados	Certificación académica ou título ou, se é o caso, pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

2.2.2 Por posuír o título de Doutoramento nos estudos de ensinanzas de carácter teolóxico e de formación de ministros de culto referentes á materia, impartidas en centros docentes de nivel superior dependentes da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España (FEREDE) e recoñecidos a efectos civís segundo o Real Decreto 1633/2011, de 14 de novembro («BOE» núm. 276, de 16 de novembro): (2,500 puntos)

Puntos alegados	Certificación académica ou título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

2.2.3. Por posuír outro título de doutoramento: 2,000 puntos

Puntos alegados	Certificación académica ou título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

2.2.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento: 1,000 punto

Puntos alegados	Documento xustificativo

2.3 Outras titulacións universitarias:

As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente,

2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo:

2.3.1.1 Por cada diplomatura en estudos referentes á materia recoñecidos pola confesión relixiosa e homologados pola administración pública sempre que sexa distinto do alegado para o acceso á lista, (1,5 puntos por cada título distinto do alegado).

Documentación xustificativa: Certificación académica ou título alegado para o ingreso na especialidade ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto), así como de cantos títulos se presenten como mérito ou, se é o caso, certificacións de aboamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación e fotocopia do BOE no que se recolle a homologación.

Puntos alegados	Titulación

2.3.1.2. Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, sempre que sexa distinto do alegado para o acceso á lista. (1 punto por cada título distinto do alegado).

Documentación xustificativa: Certificación académica ou título alegado para o ingreso na especialidade ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto), así como cantos títulos se presenten como mérito ou, se é o caso, certificacións de aboamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.

Puntos alegados	Titulación

2.3.2. Titulacións de segundo ciclo:

2.3.2.1. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo doutras licenciaturas ou títulos de grao en estudos referentes á materia recoñecidos pola confesión relixiosa e homologados pola administración pública, sempre que sexa distinto do alegado para o acceso á lista. (1,5 puntos por cada título distinto do alegado).

Documentación xustificativa: Certificación académica ou título alegado para o ingreso na especialidade ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto), así como dos títulos se presenten como mérito ou, se é o caso, certificacións de aboamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación e fotocopia do BOE no que se recolle a homologación.

Titulación		Puntos alegados

2.3.2.2. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo doutras licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas, títulos de grao ou títulos declarados legalmente equivalentes. (1 punto por cada título distinto do alegado).

Documentación xustificativa: Certificación académica ou título alegado para o ingreso na especialidade ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto), así como de cantos títulos se presenten como mérito ou, se é o caso, certificacións de aboamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.

Titulación		Puntos alegados

Valorarase nesta epígrafe posuír o título de grao.

III.- Formación e perfeccionamento. Máximo 6 puntos.

3.1. Por cursos e outras actividades de formación superados ou impartidos relacionados coa ensinanza da Relixión Evanxélica, organizados pola entidade relixiosa correspondente, polas administracións educativas, por institucións sen ánimo de lucro que fosen recoñecidos ou homologados polas administracións educativas, así como os organizados polas universidades. (0,2 puntos por cada 10 horas).

Documento xustificativo: Certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.

Certificado	Puntos alegados

3.2.- Por cursos e outras actividades de formación superados ou impartidos organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades ou entidades eclesiásticas, non incluídos no apartado anterior. (0,10 puntos por cada 10 horas).

Certificado	Puntos alegados

O cal asino en _____, o ____ de _____ de 2023

Asinado: _____